

DECRETO DE ALCALDÍA

1.- Con data 14 de xaneiro de 2021, D^a M^a Margarita Muñoz Rodríguez, D^a Nuria Fernández Iglesias e D^a Andrea Velasco Amigo, como traballadoras Sociais dos Servizos Sociais do Concello, co visto e praxe da Sra. Concelleira de Benestar Social e Igualdade, dona Verónica Carrera Blanco, emiten un informe proposta que dí:

“ INFORMAMOS:

Os Servizos Sociais, están cofinanciados polo Plan Concertado mediante transferencias finalistas.

En canto as técnicas que compoñemos o departamento, a Xunta de Galicia, estaba a cofinanciar a dúas das tres Traballadoras Sociais actuais e a Educadora Familiar, ata que en 2016, tendo en conta a situación actual de traballo deste servizo, A Xunta de Galicia, estimou resolver para o concello de Ponteareas a asignación finalista para o financiamento de TRES postos de traballo de TRABALLADOR/A SOCIAL, incrementando unha máis sobre as dúas anteriores que se concedían en anos anteriores, e incrementando tamén, a contía económica transferida para cada unha delas. Dito incremento mantívose nas resolucións dos anos posteriores, sendo no ano 2018 o primeiro no que se contratou unha cuarta traballadora social durante 6 meses.

O 4 de Xaneiro de 2019 publícase no Boletín de Pontevedra, a aprobación da relación de Postos de Traballo e Organigrama do Concello de Ponteareas. En dito documento recolle para o DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE catro postos de Traballador/a Social atopándose un deles, con código 02.01.00.04, sen cubrir na data actual.

O 08/06/2020, contrátase a unha Traballadora Social, Maria Montserrat Pérez Rodríguez, con contrato de traballo eventual a tempo completo por circunstancias da produción. Dito contrato rematou o pasado día 7 de Decembro de 2020.

Que durante o período do seu contrato, a Traballadora Social, realizou diversas tarefas, sendo as principais as realizadas nos programas de Axuda no Fogar Municipal e Centro de Reparto de Alimentos Municipal.

Que debido ao volume de traballo e acumulación de tarefas que temos no servizo, especialmente nos programas de Centro de Reparto de Alimentos Municipal, polo aumento de solicitudes novas rexistradas a raíz da COVID-19 e no Servizo de Axuda no Fogar, tanto na modalidade Básica como na de Dependencia.

SOLICITAMOS:

A contratación dun/ha Traballador/a Social para poder das resposta a acumulación de tarefas e o correcto seguimento destes dous programas”

2.- O informe do Responsable do Departamento de Persoal, de 15 de xaneiro de 2021 con proposta de criterios para a selección do/a Traballador/a Social de data 19 do mesmo mes.



3.- O informe favorable do Asesor Xurídico de data 25 de xaneiro de 2021 sobre os criterios de selección.

4.- O informe de Intervención de 16 de febreiro de 2021.

Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local,

Resolve

Primeiro: Aprobar os seguintes criterios de selección

Os/as candidatos/as remitidos/as polo Servizo Público de Emprego para a selección para a categoría de Traballador/a Social, CNO 28241065 deberán aportar a documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder valorar os méritos que aleguen.

· Requisitos mínimos de admisión.

1. Ter cumprido 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
2. Estar en posesión da Titulación de Diplomado/ Grao en Traballo Social ou titulación equivalente

· Criterios para a avaliación dos candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego:

1. **Experiencia profesional: 4 Puntos** (acreditarse a través de certificado de servizos prestados ou contrato acompañado de vida laboral ou calquera outra documentación que acredite fidelisimamente)
 - 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública , en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
 - 0,05 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, na mesma ou similar categoría.
2. **Formación: 4 puntos.**
 - Coñecemento da lingua galega. A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.
1. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 1: 0,25 puntos.



2. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 2: 0,50 puntos.
3. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 3, ou realización do curso de iniciación da lingua galega homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 0,75 puntos.
4. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 4, ou realización do curso de perfeccionamento da lingua galega homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación do mesmo: 1 punto.

So se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables.

- Formación Complementaria: A puntuación máxima nesta alínea será de 3 puntos:

Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas, sempre que neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

- o Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos.
- o Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos.
- o Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,35 puntos.
- o Cursos de 100 horas a 149 horas: 0,50 puntos.
- o Cursos de máis de 150 horas : 2 puntos.

4. ENTREVISTA: 2 puntos.

Versará sobre os méritos adecuados as características do posto nos que se avaliará a capacidade de comunicación, claridade expositiva, competencias novas tecnoloxías, coñecemento do posto, capacidade organizativa e capacidade de traballo en equipo.

O tribunal de selección determinará os criterios aplicables o posto dos relacionados no punto anterior así como a ponderación dos mesmos.

5) CALIFICACION DEFINITIVA

Rematado o proceso, o Tribunal Cualificador emitirá acta facendo pública, no taboleiro de anuncios dixital do Concello, a puntuación total de todos e cada un dos aspirantes, aínda que non se poderá formalizar proposta de contratación máis que a favor do aspirante con puntuación superior.



A cualificación total obterase de sumar os puntos acadados de conformidade co baremo anteriormente sinalado.

De existir empate entre as puntuacións dos candidatos, este resolverase a favor de aquel que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo incluíndo a proba.

Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda de 30/01/2020 pola que se fai público para o ano 2020 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 10/02/2020), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “ S ”.

Tendo en conta a proposta de nomeamento do Tribunal, procederase ao nomeamento polo órgano competente.

6. TRIBUNAL SELECCIÓN

Os membros do tribunal cualificador serán designados por Decreto de Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro. Artigo 48 do Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de Igualdade, e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, sendo a súa composición 1 Presidente, 1 Secretario e 3 vogais,

Segundo: Presentar ante o Servizo Galego de Emprego, con carácter urgente, a oferta de emprego para a selección de persoal na categoría de Traballador/a Social, a través de contrato de acumulación de tarefas cuxo obxecto é o desfase entre o persoal e os traballos a realizar, mentres non se cubra a praza vacante, mediante contrato a xornada completa e por unha duración de 6 meses.

Terceiro: Non se poderá realizar ditas contratacións, con persoas que houberan alcanzado o prazo máximo de contratación (6 meses) dentro dun período de 12 meses ou poidan alcanzar dito prazo con esta nova contratación. Así mesmo, tampouco poderá realizarse dita contratación aos que nun prazo de 30 meses houberan estado contratadas durante un prazo superior a 24 meses mediante dous ou máis contratos para o mesmo ou diferente posto de traballo ou poidan alcanzar dito prazo con esta nova contratación.

Cuarto: Dar traslado desta Resolución os departamento de Intervención e Tesourería.

RECURSOS: Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes,



de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado dixitalmente o marxe

A Alcadesa por substitución
segundo Decreto 2020-3135
M^a Cristina Fernández Davila

